

crítica

XOSE LOIS GARCIA

## Literatura dende a diáspora

manuel vidal villaverde

**X**osé Lois: A xeito de retrato con palabras poderías facer unha pequena autobiografía de ti mesmo?

—Escúsome moito de falar de min mesmo, coido que a miña proxección nesta vida non ten demasiado interese para moitos e menos contada por min. O que sempre dixer e repito é que nacín en Lugo, circunstancialmente, creime na parroquia chantadesa de Merlán, no seo dunha familia moi humilde e labrega. Aos vinte anos emigrei a Barcelona, traballei de metalúrxico durante dezaioito anos na factoría Seat, licencieme en Filosofía e Letras pola Universidade de Barcelona, me fixen arquiveiro municipal e agora dentro de breves meses collo a xubilación. Isto é o que poido dicir de min mesmo.


—No teu haber, que eu saiba, hai xa mais de setenta libros, non si?

—En parte levas razón, mais non todos son meus. Hai unha serie de antoloxías e de outras temáticas en que os autores que concorren nas mesmas teñen mais protagonismo nesas antoloxías das que eu poida ter. O resto responde a temas moi ocasionais, sobre todo ás edicións que teñen que ver como meu traballo profesional.

—Nos xéneros literarios hai xente que non cre, porén existen, danse... Ti en cal deles máis a gusto te atopas?

—Creo nos xéneros literarios. Coido que uns mais que outros suxiren ao escritor unha autodisposición na que se sente mais cómodo executando un tipo de xénero literario determinado mais que outro. No meu caso, quizais, sexa o teatro no que me sinto mais libre e menos forzado a outro tipo de búsqueda.

—A poesía...que tal te levas con ela?



O escritor Xosé Lois García.

—A poesía é sempre mais complicada. Ela depende dun estado de reflexión e de argumentos que dependen da sensibilidade do autor en buscar o material adecuado para emancipar un poema que teña orixinalidade e isto depende do factor sensitivo de cada autor.

—O ensaio podería ser o teu xénero preferido?

—É no que mais a gusto me atopo. No que me sinto con mais fluidez e resultame mais doado que a poesía. Aínda que ao tratarse dunha obra de creación o ensaio ten os seus propios códigos e se trata de vulneralos ficas mesmo atrapallado.

—A literatura galega vive un momento de esplendor, Xosé Lois?

—Mais de resistencia que de esplendor, aínda que estamos nun momento óptimo para falar, con matices, de ese esplendor que notamos na actual literatura gale-

ga. Grazas ao enorme esforzo dos seus creadores e, tamén, das editoriais que apostan por consolidar a expresión do noso idioma, nunha literatura que ten o respecto de múltiples lectores fora do noso país. Nesta dirección, o escritor galego está nos límites do esforzo, remando a contracorrente ante o poder político que nestes momentos exerce todo o seu furor depredador contra o noso idioma e, por suposto, contra a nosa literatura. E nesta confrontación, o escritor resiste ante tanto desorde, insidia e desvarío exercido desde o desgobierno da Xunta.

—Que libro non escribiches que aínda pensas ou che gustaría escribir?


—Teño en mente unha novela moi esquematizada desde fai anos, agora precisa de ser escrita nun tempo tranquilo e reflexivo.

—Tes ou tiveches algún libro de cabeceira?

—Teño moitos libros de cabeceira á espera de ser lidos. A que nunca está á espera é a obra completa de Rosalía que a leo asiduamente e tamén os nosos Cancioneiros medievais. Coido que son autores intemporais e en plena descuberta para entender Galiza e afondar nas súas raíces.

—Novoneyra é un poeta fundamental na literatura galega?

—Sen dúbida algunha. Ignorar a súa creación poética e o seu discurso existencialista, como o seu compromiso coa normalización do noso idioma, estaríamos entorpecendo esas vías de reivindicación nas que Uxío Novoneyra está presente. E está presente en moitos eidos de Galiza porque foi consecuente co seu tempo e coa súa Terra. Estamos precisamente no ano Novoneyra, que nos deixará non poucas testemuñas da súa obra, do seu humanismo e da súa vixencia.




## Miguel González Garcés, mineiro de luz

**E**n Edicións Laidvento, 354 páxinas con fotografías e ilustracións. O escritor amigo Xulio L. Valcárcel, debulla polo miúdo do talento un extraordinario e poético ensaio sobre a vida e a obra verbo da vida e a obra viva de Miguel González Garcés. Xulio que é un grandísimo poeta e un auténtico memorialista, estuda con rigor e profundidade científica a obra tanto ensaística como poética de González Garcés, de quen eu recordo con auténtica emoción Un nome só na néboa. Eu sempre que vía a González Garcés polos mediodías da Coruña, non sei porque me recordaba a Rubén Darío, tales eran así as súas facianas. Sabía moito de Marcel Proust, lástima non que chegara a facer un estudo xeral del, do señor Swan, porque interpretou con grandísima arte ao autor francés, facendo incluso percorridos sobre a súa biografía sentimental. Era realmente Swan un snob, un xilipollas? Neste universo, con delicadeza non quixo entrar Miguel. González Garcés é un dos grandes poetas eu creo que esquecido da nación galega, que posiblemente el non entendía como tal. Xulio López Valcárcel fai del un ensaio estupendo que haberá sempre que levar de conta para outras achegas, sen dúbida ningunha. Hai que lle que dar os nosos parabéns a Xulio L. Valcárcel, as nosas felicitacións, ao tempo que lle mandamos dende estas liñas unha aperta sempre amiga, a corazón aberto.

## tinta fresca


## A viaxe do Ser, Manuel P. de Lis

En Edicións Xerais de Galicia, na serie "Fóra de Xogo", 163 páxinas. O viaxeiro, provisto apenas dunha mochila liviá, un gorro e un vello piolet, realizará a subida polo leio do Ser, un río de senta quilómetros de lonxitude que nace na serra dos Ancares. Durante tres xornadas de moi dura, longa e difícil camiñada en solitario, o viaxeiro descubrirá a beleza agochada na espesura da fraga, nos diferentes recantos do río, en cada unha das aldeas ou nos seres que alí habitan. É un fermosa narración dunha viaxe as profundidades da natureza que relata, ademais, a aventura interior do camiñante na procura da esencia do ser.



## A paixón de Alexandra, Xulio Ricardo Trigo

En Edición Xerais de Galicia, "Fóra de Xogo", 136 páxinas. Alexandra é unha rapaza de primeiro de Bacharelato a quen lle gusta moito a lectura e a música de Björk. A amizade con Eva, unha compañeira de clase que arrastra un pasado difícil, levaraa a descubrir en Internet a páxina bookcrossing, un espazo web de persoas que liberan libros para que outras os atopen. Alexandra e Eva entrarán en contacto cun misterioso personaxe que, despois de anunciar na rede, abandona nos cafés libros da poeta arxentina Alejandra Pizarnik. A lectura desta autora muda a maneira de ver as cousas de Alexandra.



## Melancolía de sofá, Luisa Castro

En Edicións Xerais de Galicia, na serie "Crónica", 161 páxinas. Trátase dunha colección de artigos publicados na imprensa, que aparecen agora en forma de libro. Hai de todo, con maior ou menor gusto. Melancolía de sofá dá conta conta do comezo do novo século desde o sentir axitado de que cría saber e debe descubrir, desde a sorpresa de quen debe escribir e desexaría calar. E todos eles o lector ha atopar ese debate que é a marca da súa autora: pódese dicir algo que non sexa gratuito? A fortuna de cada quen é maior ou menor, esteamos ou non de acordo con moitas reflexións.

